



Nº 1/2010

SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO
O DÍA 27 - XANEIRO - 2010

ORDE DO DIA

- 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN.
- 2.- ACHEGA DE EXPEDIENTES ADMINISTRATIVOS DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO.
- 3.- MODIFICACIÓN CADRO PERSOAL 2009.
- 4.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.
- 5.- ADOPCIÓN ACORDOS FORMA DE PROVISIÓN PRAZA POLICÍA DE MEDIO AMBIENTE.
- 6.- DENOMINACIÓN CAMIÑOS EN REDONDELA.
- 7.- SOLICITUDE DE FINANCIAMENTO CON CARGO AO FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SUSTENTABILIDADE LOCAL, 2010 DA OBRA DE CONSTRUCCIÓN DA PRIMEIRA FASE DUN CENTRO DE DEPORTES ACUÁTICOS EN CHAPELA, REDONDELA.
- 8.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO:
 - 8.1.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E CONCELLEIROS DELEGADOS.
 - 8.2.- MOCIÓNS.
 - 8.3.- ROGOS E PREGUNTAS.

Na Casa do Concello de Redondela, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinteseite de xaneiro de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. XAIME REI BARREIRO e a asistencia dos/as Sres./as Concelleiros/as: D. EDUARDO JOSÉ REGUERA OCAMPO, D. EMILIO GONZÁLEZ IGLESIAS, D^a. LAURA LAGO ALLER, D^a. MARIA ALBINA REBOREDO SURIS, D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, D. CARLOS

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, D. JOSÉ GARCÍA MÍGUEZ, D^a. FRANCISCA CANAL GÓMEZ, D. JUAN TIZÓN CABALEIRO, D. JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO, D. MIGUEL ANGEL ALVAREZ BALLESTEROS, D^a. HERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ, DONA. MARIA LORENA LÓPEZ RODRÍGUEZ, D. CÁNDIDO VILABOA FIGUEROA, D^a. LAURA ALONSO GÓMEZ, D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO, D^a. MARÍA ANXELES BABARRO FERNÁNDEZ, D^a. ROSA MARIA COSTAS ESTÉVEZ, D. ALEJANDRO BASTOS FERNÁNDEZ, e D. BENIGNO GARCÍA-LUENGO MONTERO, tamén asistiu o Sra. Interventora Xeral do Concello D^a. AGUEDA BELLO VALDÉS, actuando como Secretaria a Secretaria Xeral da Corporación DONA. ANA BEGOÑA MERINO GIL, constitúese o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

INCIDENCIAS.-

- Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero.-

- O Sr. Alcalde suspendeu a sesión, ás 20,55 horas, trala votación do punto 7 da orde do día. Previamente suscitouse unha discusión entre a voceira do PP, señora Canal Gómez, e o Sr. Alcalde, quen tras dúas chamadas previas á orde á citada concelleira por interromper a intervención do concelleiro señor González Iglesias, expulsouna da sesión. Trala negativa da voceira a abandonar o pleno, o Alcalde resolveu suspendelo.

No intre da votación do mesmo punto 7, a concelleira señora Canal Gómez levantou o brazo dicindo “abstención”, non expresando o sentido do seu voto ningún dos outros concelleiros do grupo popular.

A Presidencia declara aberta a sesión, en primeira convocatoria, procedéndose a tratar os puntos da Orde do Día.-

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Non se formulan observacións, e o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as seus membros, sendo vinteún votos a favor (8 do PSdeG-PSOE, 8 do PP, 3 do BNG, e 2 do PG), aprobou a acta da sesión celebrada con carácter ordinario o día 29 de decembro de 2009.-

2.- ACHEGA DE EXPEDIENTES ADMINISTRATIVOS DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO.-

Preséntanse os seguintes expedientes administrativos de modificación de crédito:

- 22/09, aprobado por Resolución da Alcaldía de data 02.12.09, mediante xeración de crédito, por importe de 12.046,00 euros.

- 24/09, aprobado por Resolución da Alcaldía de data 22.12.09, mediante xeración de crédito, por importe de 20.997,96 euros.

- 25/2009, aprobado por Resolución da Alcaldía de data 22.12.09, por transferencia entre partidas do mesmo grupo de función, por importe de 319.513,29, e entre partidas de gasto de persoal, por importe de 47.960,44 euros.

- 26/09, aprobado por Resolución da Alcaldía, de data 29.12.09, por transferencia, por importe de 22.227,26 euros.

Non se formulan observacións e o Pleno do Concello queda informado dos expedientes administrativos de modificación de crédito anteriormente relacionados.-

3.- MODIFICACIÓN CADRO PERSOAL 2009.-

ANTECEDENTES.-

Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio de data 26 de xaneiro de 2010, que transcrito dí:

"Vista a proposta da Alcaldía de data 19.01.10 que transcrita di:

Considerando que D. Miguel Martínez Estévez, policía local deste Concello, cumpriu 58 anos de idade, polo que se atopa na situación obxectiva que de acordo co artigo 64 1 c) da Lei 4/2007 do 20 de abril de Coordinación de policía locais de Galicia (LCPLG) determina o seu pase a un posto de segunda actividade.

Visto o informe da Secretaria nº 10/2010 de data 19 de Xaneiro do corrente ano que transcrito di:

Emítase o presente a requerimento do Alcalde, en virtude de providencia do 18.01.2010 en relación á posibilidade de que un policía local do Concello sexa adscrito a un posto de segunda actividade.

A tal respecto, teño a ben informar:

1. O artigo 60 da Lei 4/2007 do 20 de abril de Coordinación de policía locais de Galicia (LCPLG) dispón que os funcionarios dos corpos da policía local de Galicia poderanse atopar, ademais de nas situacións recollidas na lexislación básica da función pública, na situación administrativa de **segunda actividade**.
2. Ao abeiro do artigo 63 e 64 da mesma norma, unha das causas polas que pódese pasar á segunda actividade é o cumprimento da idade que se determina para cada escala, sendo, no caso da escala básica, á que pertence MIGUEL MARTINEZ ESTEVEZ, a

idade de 58 anos. Prevese que o pase a dita situación é practicamente automático agás os supostos de prórroga no servizo activo e na mesma permanecerá o funcionario ata o pase á xubilación ou a outra situación que non poderá ser a do servizo activo.

3. De acordo cos artigos 69 e 70 da LCPLG a situación administrativa de segunda actividade declararase con indicación de destino asignándoseles aos funcionarios que pasen a dita situación postos de traballo desta natureza, ben dentro do mesmo corpo policial ou ben noutro posto do concello que se corresponda coa categoría que se teña, preferentemente na área de seguridade e axeitado á súa experiencia e capacidade debendo precisar o catálogo de postos de traballo os postos que poden ser cubertos con persoal nesta situación.
4. No cadro de persoal vixente no Concello de Redondela, aprobado xunto co orzamento, figura unha praza de ordenanza de segunda actividade se ben non existe unha relación ou catálogo de postos de traballo, cuxa confección foi recentemente contratada coa Universidade de Santiago.
5. Hai que ter en conta que o pase á segunda actividade *non suporá diminución das retribucións básicas e complementarias fixas e periódicas* e o tempo de permanencia nesa situación *é computable para os efectos de perfeccionamento de trienios e de dereitos pasivos* non comportando a perda da condición de axente da autoridade. Por outra banda, durante a permanencia na situación de segunda actividade, o funcionario gozará tamén das prestacións sociais ou axudas que poidan corresponder aos policía locais en situación administrativa de servizo activo do Concello.
6. Por outra banda, o capítulo II do Decreto 243/2008 do 16 de outubro que desenvolve a LCPLG establece que os postos de segunda actividade non incluídos no corpo de policía local, cal é o caso, desempeñaránse sen uniformidade e sen armamento. Tamén dispón as funcións que poden asumir os funcionarios que se atopen en situación de segunda actividade.
 - a) En canto ao procedemento de pase á segunda actividade, dispónse nos artigos 75 e seguintes do citado Decreto debéndose notificar o expediente ao interesado. Caso de que o mesmo non solicite a prórroga no servizo activo resolverase a súa adscripción ao posto de segunda actividade.
7. Non obstante e en relación ao presente caso as retribucións asignadas ao posto de segunda actividade no orzamento non se corresponden coas previstas para o caso dos policía locais polo que, previo informe da Intervención, a asinante considera que polo pleno do Concello e coas formalidades pertinentes (aprobación inicial e información pública por 15 días máis aprobación definitiva) deberíase modifica-lo cadro de persoal asignándolle á praza de segunda actividade as mesmas retribucións básicas e complementarias que para os policía locais, non existindo inconvinte para, a partir de ahí, proceder á adscripción a dito posto de MIGUEL MARTINEZ ESTEVEZ.

Tendo en conta que no cadro de persoal deste Concello as retribucións correspondentes a un/ha praza de ordenanza escala administración xeral, subescala subalterno, grupo Agrupacións profesionais a que fai referencia a disposición adicional 7ª, nivel 14 e complemento específico 401,40 euros é distinto que para un policía local escala administración especial, subescala servicios especiales, grupo C1, nivel 16 e complemento específico 531,27 euros é polo que se propón ao Pleno do Concello previo

dictame da Comisión Informativa modifica-lo cadro de persoal asignándolle á 1 praza de ordenanza segunda actividade as mesmas retribucións básicas e complementarias que para os policía locais.

Votación e dictame:

A Comisión informativa de facenda e patrimonio, co voto favorable dos/as Sres/as Concelleiros/as dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE (4) do BNG (1), e a abstención do Grupo Municipal do PP (3), e do PG (1) dictaminou favorablemente a Proposta do Presidente antes transcrita."

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por maioría dos/as Sres./as Concelleiros/as asistentes, sendo trece votos a favor (8 do PSdeG-PSOE, 3 do B.N.G. e 2 do P.G.), e oito abstencións (8 do PP), aprobou, nos seus propios termos, o dictame da Comisión informativa de Facenda e Patrimonio, nos antecedentes transcrito.-

4.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.-

ANTECEDENTES.-

Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio, de data 26 de xaneiro de 2010, que transcrito dí:

"Vista a proposta da Alcaldía de data 22.01.10, que transcrita di:

Ante a presentación de facturas pertencentes a exercicios anteriores no departamento de intervención.

Visto o informe de Intervención de data 22 de xaneiro de 2010 onde consta que en aplicación do artigo 60.2 del Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que , por calquera causa, non o foran na quel ao que correspondían, é competencia do Pleno da corporación, e que en este caso concreto é posible a súa realización.

En atención ao exposto, propono ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte Acordo:

PRIMERO. Aprobar o recoñecemento dos créditos seguintes correspondentes a exercicios anteriores que se relacionan a continuación:

Numero de relación	Importe	Data
T00111642008D3414200	307,69 €	Abril 2008
T0011642008D3414201	363,26 €	Abril 2008
T00111642008E4007300	181,23 €	Maio 2008
T00111642008E4007301	319,30 €	Maio 2008
T00111642008F4623800	181,35 €	Xuño 2008
T00111642008F4623801	311,63 €	Xuño 2008

RGE00000899342	3.475,27 €	Decembro 2008
TOTAL	5.139,73	

SEGUNDO. Aplicar, con cargo ao orzamento do exercicio 2010, os correspondentes créditos con cargo á partida 121.1A.222.00.

Votación e dictame:

A Comisión informativa de facenda e patrimonio, co voto favorable dos/as Sres/as Concelleiros/as dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE (4) do BNG (1), e a abstención do Grupo Municipal do PP (3), e do PG (1) dictaminou favorablemente a Proposta do Presidente antes transcrita."

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por maioría dos/as Sres./as concelleiros/as, sendo trece votos a favor (8 do PSdeG-PSOE, 3 do B.N.G. e 2 do P.G.), e oito abstencións (8 do PP), aprobou, nos seus propios termos, o dictame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio, nos antecedentes transcrito.-

5.- ADOPCIÓN ACORDOS FORMA DE PROVISIÓN PRAZA POLICÍA DE MEDIO AMBIENTE.-

ANTECEDENTES.-

Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio, de data 26 de xaneiro de 2010, que transcrito di:

" Vista a proposta da Alcaldía de data 21.01.10 que transcrita di:

Considerando que resulta preciso axustar a plantilla do corpo da Policía Local ás necesidades e proceder á cobertura do posto de Policía de Medio Ambiente.

Visto o informe de secretaría que, transcrito,di:

“Emítase o presente a requerimento do Alcalde en relación á posibilidade de proveer, de acordo coas bases adxuntas (BASES PARA A PROVISION POLO SISTEMA DE CONCURSO DO POSTO DE TRABALLO DE POLICÍA DE MEDIO AMBIENTE) o citado posto, vacante actualmente na plantilla de personal funcionario do Concello, cuberta por adscripción directa resolta o 20.06.2007 polo Alcalde por ADOLFO DOMINGUEZ LOPEZ.

Dita adscripción non se realizou do xeito legalmente previsto na normativa de aplicación polo que débese regularizar levando a cabo a oportuna provisión do posto ao obxecto de que quede efectivamente vacante unha praza de Policía Local e se poda proceder a súa cobertura incrementando os efectivos disponibles dentro de dito corpo.

Legislación aplicable

- Artigos 101 e 102 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local. (LRBRL)
- Artigo 78 da Lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP).
- Artigos 101 e 102 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local. (LRBRL)
- Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do personal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RSA), vixente nos termos da disposición final 4ª,3 do EBEP.
- Decreto Legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia.

Informe

1. O artigo 101 da LRBRL establece a posibilidade de que os postos de traballo vacantes que deban ser cubertos por funcionarios se proveerán en convocatoria pública polos procedementos de concurso de méritos ou de libre designación, de acordo coas normas que regulen estes procedementos en tódalas administracións públicas. En ditas convocatorias de provisión de postos de traballo, asemade da participación dos funcionarios propios da entidade convocante, poderán participar os funcionarios que pertencen a calquera das administracións públicas quedando supeditada neste caso á participación ao que ao respecto establezan as relacións de postos de traballo, polo cal, tendo en conta que o Concello de Redondela non aprobou aínda a citada relación de postos de traballo, será o órgano competente para a súa aprobación, é dicir, o Pleno do Concello, o competente para establece-lo sistema de provisión e o ámbito de funcionarios aos que se estende o concurso.
 2. De conformidade co previsto nos artigos 78 e 79 do EBEP os postos de traballo en cada administración pública proveeranse de acordo cos procedementos que se recollen no citado artigo, sendo o concurso o sistema normal de provisión no que se avaliarán os méritos e capacidades e, no seu caso, aptitudes dos candidatos por órganos colexiados de carácter técnico. A composición destes órganos respostará ao principio de profesinalidade e especialización dos seus membros e adecuarase ao criterio de partidade entre muller e home. O seu funcionamento axustarase ás regras de imparcialidade e obxectividade
 3. As convocatorias para proveer postos de traballo, así como as súas correspondentes resolucións, deberán facerse públicas nos *Boletines* ou *Diarios Oficiales* respectivos, pola autoridade competente para efectuar os nomeamentos e nas convocatorias deben incluírse preceptivamente os seguintes datos e circunstancias:
 - Denominación, nivel e localización do posto.
 - Requisitos indispensables para desempeñalo.
 - Baremo para puntuar os méritos.
 - Puntuación mínima para a adxudicación da vacante convocada.
- 3 Do mesmo xeito, o artigo 36 do RSA establece que os postos de traballo adscritos a funcionarios se proveerán de acordo cos procedementos de concurso, que é o sistema normal de provisión, ou de libre designación, de

conformidade co que determinen as relacións de postos de traballo en atención á natureza das súas funcións.

4. Os procedementos rexeránse polo disposto nos artigos 38 e seguintes do mesmo RSA de conformidade coa correspondente convocatoria que deberá conter as bases, coa denominación, nivel, complemento específico, descripción e localización dos postos de traballo ofrecidos, os requisitos para o seu desempeño, méritos a avaliar e baremo con arreglo ao cal puntuaranse, previsión de entrevistas, no seu caso e composición da comisión de avaliación.
5. O artigo 41 do RSA establece tamén os requisitos e condicións de participación. A convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia e o prazo de presentación de instancias será de 15 días .
6. A normativa vixente na comunidade autónoma galega, coincide basicamente coa establecida para a Administración do Estado.

Conclusión

De conformidade co que antecede a asinante considera que as bases do concurso propostas se axustan a dereito debendo o pleno do Concello establecer a forma de provisión.

Con posterioridade deberían aprobarse as bases polo Alcalde, realizarse a convocatoria e procederse á súa publicación , abríndose o prazo para a presentación de solicitudes”.

Teño a ben propor ao pleno do Concello que, previo dictame da comisión informativa correspondente, se adopten o seguintes acordos:

Establecer que a provisión do posto de Policía de Medio Ambiente, vacante na plantilla de personal funcionario do Concello, se cubra mediante concurso entre funcionarios do corpo da Policía Local do Concello de Redondela."

Votación e dictame:

A Comisión informativa de facenda e patrimonio, co voto favorable dos/as Sres/as Concelleiros/as dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE (4) do BNG (1), e a abstención do Grupo Municipal do PP (3), e do PG (1) dictaminou favorablemente a Proposta do Presidente antes transcrita."

INTERVENCÍONS.-

A concelleira señora Canal Gómez expón a súa opinión de que a xestión de persoal do equipo de goberno deixa moito que desexar posto que no informe de secretaría que obra no expediente déixase claro que a adscrición dunha determinada persoa ao posto de traballo non se fixo da forma legalmente exisibile. Parécelle todo un despropósito xa que non existe relación de postos de traballo e o que fan é poñer primeiro ás persoas e despois preparar unhas bases como as que están no expediente para darlles o posto. Non lle parece de recibo e pide que asuman as súas responsabilidades e sexan coherentes.

O concelleiro señor González Iglesias explica que dende sempre un axente da policía

adicábase a exercer funcións de vixilancia urbanística e, cando se cubriu este posto, se pensou que era necesario no área de medio ambiente. Dí que ningún policía quería facerse cargo deses labores de inspección e que a persoa que ocupa o posto pasou no seu día as súas oposicións, non se trata de coller para policía local a unha persoa da rúa, tal e como a voceira parece indicar.

O concelleiro señor Pazos Docampo dí que a película da que fala a voceira do PP non é a que vén ao pleno xa que as funcións de inspección de medio ambiente xa se levaban a cabo antes de que se creara a praza e a facían os policías locais. Indica que despois se valorou a conveniencia de que alguén concreto o fixera a xornada completa. Sinala que non hai ningunha corrupción nin as cousas que indica a concelleira xa que o posto vai seguir sendo para un policía.

A concelleira señora Canal Gómez dí que eles saben das cousas cando miran os expedientes porque algúns dos concelleiros do equipo de goberno parece que non saben leer. Sinala que a súa obriga é decirlles o que fan mal e que fixeron as cousas mal está claro á vista do informe de Secretaría.

O concelleiro señor González Iglesias dí que antes de que fixera estes labores un policía concreto fixéronas outros policías, e agora vaise regularizar a situación e cubrirse a praza polo que non hai máis historias.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por maioría dos/as Sres./as Concelleiros/as, sendo trece votos a favor (8 do PSdeG-PSOE, 3 do B.N.G. e 2 do P.G.), e oito abstencións (8 do PP), aprobou, nos seus propios termos, o ditame da Comisión informativa de Facenda e Patrimonio, nos antecedentes transcrito.-

6.- DENOMINACIÓN CAMIÑOS EN REDONDELA.-

ANTECEDENTES.-

Ditame da Comisión Informativa de Interior, de data 22 de xaneiro de 2010, que transcrito dí:

" Antecedentes.-

Proposta da Presidencia da Comisión de data 11.01.10, que transcrito dí:

"Aínda son moitos os camiños e rúas do Concello que carecen dunha denominación clara, tanto na súa toponimia como no seu percorrido, por iso, esta Presidencia está realizando un estudio que permitirá unha mellor localización, así como a denominación toponímica dalgunhas rúas do Concello, solventándose así numerosos problemas xurdidos con Correos, polo reparto das cartas.

Esta Presidencia ven en propoñer os cambios seguintes, que figuran nos planos que se

adxuntan:

- Denominar CAMIÑO DE LANZOS, o camiño que vai dende a Estrada de Vigo ata o Camiño das Cardosas á altura da Serradeiro Amoedo (Lugar de Outiz de Arriba).

- Denominar CAMIÑO DE ARANGO, o camiño que vai dende a Estrada de Vigo e volve á mesma estrada, por riba da Avda. da Estación (Lugar de Outiz de Arriba)."

Intervencións.-

(...)

Votación e dictame.-

A Comisión Informativa de Interior, en votación ordinaria e por maioría dos/as Sres./as Concelleiros/as, sendo 7 votos a favor (4 do PSdeG-PSOE, 2 do BNG, e 1 do PG), e catro abstencións (4 do PP), estimou oportuno dictaminar favorablemente a proposta da Presidencia da Comisión nos antecedentes transcrita, e na súa consecuencia propoñer ao Concello Pleno, a súa aprobación.-

INTERVENCIÓNS.-

A concelleira señora Canal Gómez pide que por favor se acabe pronto con esta cuestión que está causando moitas molestias aos veciños e ás veces parece que fan os cambios por capricho.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as Sres./as Concelleiros/as, sendo vinteun votos a favor (8 do PSdeG-PSOE, 8 do PP, 3 do B.N.G. e 2 do P.G.), aprobou, nos seus propios termos, o ditame da Comisión Informativa de Interior, nos antecedentes transcrito.-

7.- SOLICITUDE DE FINANCIAMENTO CON CARGO AO FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SUSTENTABILIDADE LOCAL, 2010 DA OBRA DE CONSTRUCCIÓN DA PRIMEIRA FASE DUN CENTRO DE DEPORTES ACUÁTICOS EN CHAPELA, REDONDELA.-

ANTECEDENTES.-

Dictame da Comisión Informativa de Urbanismo, de data 22 de xaneiro de 2010, que transcrito dí:

"Pola Presidencia dase conta da proposta da Alcaldía de data 21.01.10 que transcrita di:

"Visto o Real Decreto Lei 13/2009 de 26 de outubro polo que se creou o FONDO ESTATAL

PARA O EMPREGO E A SUSTENTABILIDADE LOCAL 2010 (FESL) no que se establece que o total disponible para o Concello de Redondela é de 3.247.113 euros.

Considerando que ao abeiro do artigo 9 l) da citada norma poden financiarse con cargo ao FESL, entre outras, a construción de centros deportivos.

Considerando que é intención do Concello dotar á parroquia de Chapela dunha instalación deportiva centrada nos deportes acuáticos, con piscina climatizada, que contribúa á prestación dun servizo importante para toda a veciñanza, e coa conseguinte creación de postos de traballo, tanto durante a súa construción coma con carácter permanente na súa ulterior explotación .

Atopándose actualmente en fase de redacción o proxecto técnico para a construción dun CENTRO DE DEPORTES ACUÁTICOS EN CHAPELA, nun predio propiedade do Concello, ubicado preto da praia de Arealonga, proxecto que consta de dúas fases, a primeira das cales preténdese executar con cargo a dito fondo.

Teño a ben propor ao pleno do Concello, previo dictame da comisión informativa correspondente, a adopción dos seguintes acordos:

1º. Aprobar a realización da obra consistente na CONSTRUCCIÓN DA PRIMEIRA FASE DO CENTRO DE DEPORTES ACUÁTICOS EN CHAPELA por importe de 3.247.113 euros.

2º. Solicitar o seu financiamento con cargo ao FESL. ”

Votación e ditame

A comisión informativa de urbanismo, en votación ordinaria, e por maioría dos seus membros presentes, sendo sete votos a favor (4 do PSdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 do PG) e tres abstencións (3 do PP) estimou oportuno dictaminar favorablemente a proposta transcrita."

INTERVENCIONS.-

O concelleiro señor Bastos Fernández dí que a piscina é algo importante para Chapela pero espera que non se quede só nunha piscina e se faga todo o que estaba previsto. Sinala que van a votar a favor.

A concelleira señora Canal Gómez indica que van a apoiar a proposta pero quere denunciar que se produciu un fraude electoral xa que se prometeu unha instalación máis completa que unha simple piscina que é o que recolle a primeira fase da obra. Sinala que aínda que o goberno dí que van a facelo todo, xa non se fía das promesas e pregunta cando se vai a facer a segunda fase, non vaia a ser que pase como co Auditorio que o Alcalde díxo que non se ía facer.

O Sr. Alcalde puntualiza que él non dixo que non se fora facer senón que estaba parado por problemas de carácter administrativo.

A concelleira señora Canal Gómez dí que considera que hai un fraude e que Chapela e Redondela teñen moitas cousas pendentes e moitas necesidades e que non están nada de acordo en como se xestiona o Concello.

O concelleiro señor González Iglesias indica que o PP abstívose na adxudicación do proxecto e agora, como a xente se lle veu encima, teñen que cambiar de postura. Sinala que

teñen claro adicar todo o diñeiro do segundo Plan E a esta obra e que aínda que faltan máis de dous millóns de euros van a facer a segunda fase e xa verán cómo. A este respecto dí que o PP tamén pode axudar e apuntarse un tanto, dado que gobernan en Galicia.

Tras dúas interrupcións por parte da concelleira señora Canal Gómez e dúas chamadas á orde por parte do Sr. Alcalde, éste conmina á concelleira á abandonar á sesión, negándose a mesma por non estar de acordo. De seguido o Sr. Alcalde dí que se remata o debate, coa protesta ao respecto do concelleiro señor Pazos Couñago quen sinala que o Sr. Alcalde é un ditador e non cumpre o regulamento orgánico en canto ao desenvolvemento das sesións.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por maioría dos/as Sres./as Concelleiros/as asistentes, sendo trece votos a favor (8 do PSdeG-PSOE, 3 do B.N.G. e 2 do P.G.), e oito abstencións (8 do PP), aprobou, nos seus propios termos, o dictame da Comisión informativa de Urbanismo, nos antecedentes transcrito.-

Foi suspendida a sesión polo Sr. Alcalde-Presidente, sendo as vinte horas e cincuenta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se estende a presente acta, da que, como Secretaria do presente acto, dou fe.-